

FOLLA INFORMATIVA DIFUSIÓN EQUIPOS DE BASE

CRITERIOS de SELECCION de PARTICIPANTES

Este programa está dirixido a **coidadoras e coidadores, tanto principais como de apoio** (parella, irmán/a, fillo/a, outro familiar, amigo/a) **que teñan ao seu cargo a unha persoa maior en situación de dependencia.**

Priorizarase a participación de persoas que realicen **coidados considerados de longa duración** (mínimo a partir de 1 ano, preferentemente máis de 2) ou con carga no coidado e que estes se realicen **de forma continuada.**

Có obxectivo de traballar a perspectiva de xénero no ámbito dos coidados, é preferible promover a **participación de parellas nas que haxa membros de ambos sexos**, para conseguir unha plena integración dos varóns nas tarefas de coidado.

Cada grupo estará formado por un máximo de **28 persoas** (14 parellas). Con carácter excepcional poderá participar aquela coidadora principal que cumprindo o perfil non conte con coidadores de apoio.

Asemade, considérase positiva a participación de persoas da mesma poboación ou poboacións próximas para promover a **creación de redes de apoio** entre persoas coidadoras.

ESTANCIA no BALNEARIO¹

A **estancia máxima** no balneario é de **3 noites**, entrando o venres pola tarde arredor das 18 horas e saíndo o luns ao mediodía.

Os servizos que inclúe a estancia son:

¹.Os servizos descritos a continuación están íntegramente subvencionados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, con cargo a asignación tributaria do IRPF para a realización de Programas de Cooperación e Voluntariado Sociais; as persoas participantes unicamente deberán costear pola súa conta o desprazamento até o balneario.

- Aloxamento (3 noites en habitación dobre)
- Pensión completa (desde a cea do venres ao xantar do luns, ambas incluídas)
- Circuito termal

OUTROS ASPECTOS

A estancia no Balneario require a **participación** no módulo de intervención e **formación** para o **autocoidado**, desde metodoloxías de dinámica de grupo a técnicas de risoterapia.

Aquelas persoas que non dispoñan de recursos de apoio para o coidado do seu familiar en situación de dependencia poderán solicitar os **servizos de residencia, centro de día** ou **SAD** que elixan para poder acudir as xornadas, e estes tamén con cargo ao programa CUIDARELAX.

O abono destes servizos será realizado directamente pola organización a entidade coa que se contrate o servizo requerido.

Solicítaselle a tódalas persoas participantes que asinen un **documento de consentimento informado** para a realización dunha entrevista previa realizada por un psicólogo/a, así como para cumprimentar unha batería de cuestionarios e escalas en diferentes momentos do proxecto, e que servirán para a determinación do perfil e elaboración posterior do estudo de investigación, incorporado coma un elemento de innovación e desenvolvemento (I+D) ao programa Cuidarelix.

Tamén se solicitará o seu consentimento para a realización e exhibición de material audiovisual que se rexistre durante as xornadas.